

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES A SANGRIÑA-36019244

CURSO 2023-2024

INDICE

CAPITULO I (páx 3 a 13)

1. Plan Anual (obxectivos) (páx. 3 a 11)

1.1. Obxectivos específicos para o curso académico

1.1.1. Obxectivos académicos

1.1.2. Obxectivos organizativos

1.1.3. Obxectivos de índole funcional

1.2. Medidas a desenvolver para a súa consecución

1.2.1. Obxectivos académicos

1.2.2. Obxectivos organizativos

1.2.3. Obxectivos de índole funcional

2. Horario xeral do centro (páx 11 a 12)

2.1. Horario lectivo

2.2. Horario e condicións para uso instalación do centro

2.3. Horario de verán

3. Organización dos servizos complementarios (páx 12)

3.1. Número de rutas e itinerarios

CAPITULO II (páx 13 a 21)

1. Programación anual de actividades complementarias e extraescolares (páx.13 a 18)

a. Obxectivos

b. Actividades complementarias e extraescolares

c. Actividades da *Biblioteca Magdalena Garabatos*

d. Actividades do ENDLG

e. Contratos-programa

f. Departamento de actividades internacionais

g. Actividades con outras entidades

h. Educación en valores

i. Actividades por Departamento/curso 23-24

2. A Biblioteca do centro (páx. 19 e 20)

3. Programación para a formación en centros de traballo (FCT) (páx. 20)

CAPITULO I

1. PLAN ANUAL (OBXECTIVOS)

1.1. Obxectivos específicos para o curso académico.

Para o presente ano académico do 2023-24, O Equipo Directivo do IES A Sangriña diseña a presente Programación Xeral Anual que se somete á consideración do Claustro do Profesorado e do Consello Escolar do centro.

Os obxectivos previstos clasifícanse en tres grandes bloques:

1.1.1. Obxectivos académicos.

1.1.2. Obxectivos organizativos.

1.1.3. Obxectivos de índole funcional.

1.1.1. Obxectivos académicos.

1.1.1.1. Atención á diversidade daquel alumnado que presente dificultades para o normal seguimento e desenvolvemento da clase establecendo reforzos de atención para o alumnado estranxeiro, ao abeiro do *DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparte o ensino establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, nas materia de lingua castelá para os cursos 1º e 3º da ESO.

1.1.1.2. Establecer unha programación para a participación do centro en proxectos auspiciados polo Servizo Español de Internacionalización do Ensino (SEPIE) e para a Formación en Centros de Traballo (FCT) no estranxeiro así como proxectos de formación do profesorado en programas Erasmus+.

1.1.1.3. Participación en proxectos destinados á implementación de estratexias metodolóxicas docentes innovadoras baixo o respaldo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia: Contratos-Programa con desenvolvemento de actividades nas liñas dos dous grandes sectores do Contratos-Programa 23-24, isto é CP Innova e CP Inclúe-t.

- 1.1.1.4. Participación e colaboración co CFR de Vigo no Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no cal desenvolverase unha liña de formación para o profesorado do IES A Sangriña: Formación no ámbito Dixital para o desenvolvemento do Plan Dixital do IES A Sangriña.
- 1.1.1.5. Continuación do fortalecemento no centro das seccións bilingües de ESO en inglés nas materias de: Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Música, Educación Física, e Xeografía e Historia.
- 1.1.1.6. Primeiro curso do Ciclo Medio de Carrozaría na modalidade de Formación Profesional Dual (en adiante FBD).
- 1.1.1.7. Potenciación das actividades levadas a cabo polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega. (ENDLG).
- 1.1.1.8. Participación no **Programa PROA+**. Coa fin de ofrecer apoio e orientación ao alumnado en situación de vulnerabilidade educativa e de reducir as taxas de abandono escolar e de abandono escolar temperá, o Goberno Central e os Gobernos Autónomos invisten na ampliación do actual programa de orientación, avance e enriquecemento educativo (PROA +). A inversión forma parte do *Componente 21 da UE*. Nesta liña de actuación así descrita, o IES A Sangriña solicitará para o presente curso 23-24 un profesional de Pedagogía Terapéutica (PT) para intervir coa nosa PT titular en aqueles casos máis significativos de alumnado de especial risco de abandono o desenvolvemento competencial baixo centrándonos en alumnado de incorporación recente provinte de ámbitos educativos do estranxeiro.
- 1.1.1.9. Creación dun *Aula de Capacitación Dixital* baixo o auspicio da CCEFPU e co investimento dos fondos *NextGenerationUE* promovidos polo Goberno Central dentro do *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*. O IES A Sangriña vén sendo un dos centros elixidos para formar parte da Rede Galega de Centros de Educación Dixital. Esta formación vai dirixida a persoas de máis de 55 anos e/ou en situación de vulnerabilidade para que reciban aprendizaxe en competencias dixitais básicas que lles habiliten para enfrontarse a entornos cada vez máis dixitalizados. A Aula terá unha inscrición en torno ás 20 persoas e o seu horario se desenvolverá en horario vespertino.
- 1.1.1.10. Ao abeiro do *Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infantil-xuvenil*, a CCEFPU vén de por en marcha este curso 23-24 o **Programa de prevención do suicidio, (YAM)** en centros educativos seleccionados por densidade de poboación e titularidade que conformarán unha mostra representativa da poboación

escolar galega de 3º da ESO. O **IES A SANGRIÑA** foi seleccionado para participar no curso **2023-24** como **Centro de Intervención do programa YAM** o cal significa que **profesionais da saúde mental desprazaranse ao centro a desenvolver actuacións preventivas de actitudes suicidas entre o alumnado de 3º da ESO.**

1.1.1.11. En función da *Resolución de 29 de septiembre de 2023, de la Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa por la que se regula la gestión de pruebas de acreditación de competencia lingüística en lenguas extranjeras para el alumnado que curse estudios en centros públicos dependientes de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades durante el curso 2023/24*, o **IES A Sangriña solicitará á CCEFPU subvencións individuais** para que o alumnado do centro que o desexe poda **acceder a probas oficiais de acreditación de linguas estranxeiras** durante o presente curso 23-24.

1.1.2. Obxectivos organizativos.

1.1.2.1. Desenvolvemento do Plan Dixital do Centro coordinado pola Coordinación TIC do IES A Sangriña.

1.1.2.2. Implantación de **novas ferramentas dixitais organizativas** propias do IES A Sangriña ao abeiro do disposto no Plan Dixital do Centro e que serán, a saber: **1) Espazo Profesorado na Aula Moodle** do centro que estará aberta para que o profesorado do centro poda: a) consultar as actividades extraescolares organizadas; b) reservar aulas TIC do centro complementarias organizadas polo centro; **2) Libro Electrónico de Gardas** para consignar as ausencias de profesorado; 3) Xestión da solicitude de permisos e xustificacións de ausencias diante da Dirección do centro.

1.1.2.3. Potenciación da Biblioteca do Centro (*Bibliotrega Magdalena Garabatos*) dentro do marco disposto no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (en adiante PLAMBE)

1.1.2.4. Manter un protocolo de información orzamentaria do centro diante dos distintos estamentos da comunidade escolar ao abeiro do disposto ao respecto nas NOF do centro

1.1.3. Obxectivos de índole funcional.

1.1.3.1. Desenvolver as actuacións deseñadas no Plan de Autoprotección do Centro.

1.1.3.2. Dotación de equipamento informático portable para a AULA DE COMPETENCIA DIXITAL localizada na aula #40.

1.1.3.3. **Renovación de todo o equipamento informático da AULA TIC#35** que se convertirá en AULA TIC e Funcional.

1.1.3.4. Actuación na infraestrutura aularia, nos equipamentos e na oferta competencial dos Ciclos de Formación Profesional con fondos provintes do Ministerio de Educación e Formación Profesional e da UE (NextGenerationUE).

1.1.3.5. Reparación do sistema de drenaxe e canalización de pluviais do pavillón polideportivo e da cuberta da zona de vestíbulo

1.2. Medidas a desenvolver para a súa consecución.

As medidas previstas para conseguir a consecución dos obxectivos antes expostos son as que seguen:

1.2.1. Obxectivos académicos

- 1.2.1.1. O IES A Sangriña reforzará a competencia lingüística en castelá para o alumnado estranxeiro de nova incorporación en 1º e 3º de ESO. En función do establecido no Plan de Atención á Diversidade do IES A Sangriña en relación aos reforzos competenciais do alumnado o centro necesariamente ten que prescindir dos reforzos en materias instrumentais debido á decisión tomada pola CCEFPU de reducir o número do profesorado ata os 69 membros actuais, circunstancia que imposibilita manter os reforzos tal e como se suxiren no decreto 229/2011 de 7 de decembro.
- 1.2.1.2. Participación nos **programas SEPIE**. Na liña sostida dende hai moitos anos, o IES A Sangriña, doutra volta, aposta pola participación nos programas auspiciados polo Servicio Español para a Internacionalización do Ensino (SEPIE) dentro do **Erasmus+** (proxectos **KA121**) no estranxeiro con mobilidades de alumnado e mobilidades de profesorado. Ademais o Equipo de Actividades Internacionais do centro desplegará os **intercambios de estudantes con centros de ensino no exterior**. Estes son, nesta liña, os proxectos para o presente curso: 1) mobilidade co centro danés Langkaer Gymnasium de Aarhus, e 3) mobilidade co IM Francesco Angeloni de Terni (ITA)
- 1.2.1.3. O presente curso 2023-24 supón unha liña de continuidade de cara a participación do centro nos programas educativos ofertados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade os cales buscan unha diversificación didáctica e metodolóxica para atender a demanda dun ensino de calidade en base a potenciar e desenvolver dinámicas, métodos e contidos non programados especificamente nos deseños curriculares oficias. Este curso o centro solicitará a súa inclusión nos Contratos-Programa 2023-24 sendo a nosa intención participar nas seguintes liñas: a) **CP Inclúe** solicitando concesión de orzamento para dúas liñas dentro do citado: Igualdade (**Iguála-t**) e Convivencia (**Convive**) e, b) **CP Innova** con solicitude para traballar actividades na liña de **Educación para a Saúde**. Xa fóra dos programas educativos da CEUFP, o centro participará, un curso máis, no Proxecto Voz-Natura destinado a fomentar valores de concienciación ecolóxica entre o alumnado.
- 1.2.1.4. Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) en colaboración co CFR de Vigo. O centro contará, doutra volta, este novo ano académico cun **Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)** coordinado polo Centro de Formación e Recursos de Vigo no cal desenvolverase dúas liña de formación para o profesorado do IES A Sangriña para o desenvolvemento do Plan Dixital do IES A Sangriña: 1.1.Polos Creativos. 1.2. Recursos e materiais didácticos en Moodle: A propiedade Intelectual.

1.2.1.5. O IES A Sangriña dispón para este curso 2023-24 das seguintes **seccións bilingües** en inglés dispostas o abeiro da *Orde do 12 maio de 2011 pola que se regula a implantación das seccións bilingües nos centros de Secundaria*:

- En 1º ESO: Educación Plástica e Visual (EPV) e Matemáticas.
- En 2º ESO: Matemáticas, Educación Física (EF) e Música
- En 3º ESO: EPV e Música
- En 4º ESO: EF e Xeografía e Historia.

1.2.1.6. O presente ano 2023-24 iniciamos ciclo de **Formación Profesional Dual**, FPD de Grado Medio de Carrozaría. A FPD de GM de Carrozaría no IES A Sangriña ten unha duración de dous anos. O alumnado que curse esta modalidade de FP realizará os módulos prácticos en empresas, de xaneiro a agosto, con horario laboral, réxime de cotización na Seguridade Social e beca mensual para cada alumno/a. O IES A Sangriña, a Consellería de Educación e as empresas colaboradoras (recoñecidas concesionarias de automóbiles da comarca e de Vigo) asinaron un convenio polo que se regula a formación do alumnado FPD onde se recolleu: a división dos módulos a desenvolver (no centro e nas empresas), as obrigas da Consellería e das Empresas, e as coberturas que asisten ao alumnado. O IES A Sangriña foi o primeiro centro do Baixo Miño en implantar esta modalidade de FPB.

1.2.1.7. A potenciación do uso do galego, a necesidade de reforzar actitudes de rexeitamento dun uso discriminatorio do mesmo, a necesidade de derrubar as barreiras da diglosia, a sempre pertinente achega do idioma á mentalidade e ao mundo contemporáneo, fan que a labor do Equipo de Normalización sexa clave para artellar a vida nos centros de ensino do noso país tal e como ven sucedendo dende que a *Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996* establecera a súa organización e funcionamento e desenvolvera, nos seus artigos 27, 28 e 84, os seus principais cometidos procedimentais. A composición do ENDLG do IES A Sangriña é:

- Profesor/a: Paulo Filgueiras Fachal (Coord.)

1.2.2. Obxectivos organizativos.

- 1.2.2.1. Segundo o marco que dita a Estratexia en Educación Dixital 2030 auspiciada pola Unión Europea e co obxectivo de impulsar as competencias do alumnado en materia de novas tecnoloxía e o desenvolvemento da comunidade escolar nun ecosistema educativo dixital de alto rendemento, o IES A Sangriña desenvolverá este 23-24 O seu Plan Dixital aprobado por Claustro e Consello Escolar o curso 21-22. Será o Coordinador TIC do centro o/a encargado/a de coordinar e asesorar os traballos conducentes á aplicación do Plan Dixital do IES A Sangriña.
- 1.2.2.2. A Biblioteca do Centro. A Biblioteca do IES A Sangriña, *‘Bibliotrega Magdalena Garabatos’*; está a vivir un proceso de renovación nos últimos cursos amparado no disposto e recomendado no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE). A melloras das instalacións e da xestión da Biblioteca son circunstancias perceptiblemente notorias. A implicación do Claustro e dos distintos departamentos didácticos do centro son elementos sen os que sería imposible avanzar nas melloras proxectadas. A Biblioteca é centro dunha diversificada planificación de actividades e iniciativas que a configuran como un motor esencial da vida e da dinámica do instituto, logrando actitudes, sinerxías e resultados que a sitúan como peza indispensable do noso día a día. Entre ditas iniciativas cómpre destacar:
- a) Dar cabida ás distintas actividades do Club de Lectura “ Na raia” (club de lectura do centro)
 - b) Catalogación e xestión do fondo bibliográfico do centro.
 - c) Ampliación do fondo bibliográfico logo de recoller as suxestións ao respecto dos distintos departamentos didácticos.
 - d) Organizar e desenvolver distintas actividades ou conmemoracións: Samaín, Día das Letras Galegas, Día contra a violencia de xénero, etc
 - e) Integración do alumnado na dinámica da Biblioteca do Centro: organización dun grupo de alumnado voluntario en actividades auxiliares de biblioteca.
- 1.2.2.3. A información dos aspectos xerais do réxime orzamentario do centro é un dereito que reclaman todos os estamentos da comunidade educativa. No presente curso, a Secretaría do IES A Sangriña informará, cunha periodicidade trimestral, sobre aspectos xerais das finanzas do centro polo que fai, sobre todo, a gastos de funcionamento e o orzamento das actividades e dos distintos proxectos a desenvolver no IES. Todo iso sen menoscabo da información máis pormenorizada que, como a normativa sinala, cómpre presentar ante a Comisión Económica do Consello Escolar ao peche de cada ano contable.

1.2.3. Obxectivos de índole funcional

- 1.2.3.1. O Plan de Autoprotección do IES A Sangriña aprobado o curso 2016-17, dispón a necesidade da continua revisión dos procedementos de autoprotección nel contidos. A validación e a eficacia de tales procedementos teñen que corroborarse ou refutarse nas prácticas e simulacros que cómpre programar para dispor dun plan de emerxencias efectivo e operativo. Este curso 2022-23 as medidas a aplicar para potenciar os procedementos de autoprotección do centro serán:
- a) Realizar charlas e cursiños de actuacións en caso de emerxencia organizados polo GES de A Guarda
 - b) Realizar un simulacro de evacuación de emerxencia avaliado polo GES de A Guarda.
- 1.2.3.2 Dentro do marco de mellora que recomenda o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia, o IES A Sangriña converteu á Biblioteca nun espazo lectivo especial baixo demanda, é dicir, calquera profesor/a poderá reservar o uso da Biblioteca para desenvolver nela accións lectivas destinadas ao uso dos recursos bibliográficos ou dotacionais da Biblioteca do centro. O sistema de reserva será moi similar ao sistema de reserva das aulas TIC do centro e con esta medida se persegue facer da biblioteca un espazo no que desenvolver dinámicas lectivas e diferentes ás que se xeran nas aulas comúns. Para tal fin o mobiliario modular e móbil serán claves para poder xerar este novo tipo de actitudes lectivas e de aprendizaxe. Asemade este novo xeito de entender a Biblioteca estará acompañado dunha renovación nos puntos de acceso a internet da Biblioteca.
- 1.2.3.3 Instalación de equipamento informático portable para a AULA DE COMPETENCIA DIXITAL localizada na aula #40.
- 1.2.3.4 **Instalación de equipamento informático renovado proporcionado por AMTEGA na AULA TIC#35** que se convertirá en AULA TIC e Funcional.
- 1.2.3.5 Actuacións puntuais en **infraestructura aularia** e nos **equipamentos dos Ciclos Básicos** de Formación Profesional con fondos do Ministerio de Educación e Formación Profesional e da UE (NextGenerationUE). Asemade, e dentro dos citados fondos, potenciación da oferta competencial para o alumnado de **FPDual**.

- 1.2.3.6 Reparación do sistema de drenaxe e canalización de pluviais do pavillón polideportivo e da cuberta da zona de vestíbulo. O centro soportará a cargo do seu orzamento as obras de acondicionamento e reparación das canalizacións de pluviais da cuberta do pavillón e da cuberta da zona do vestíbulo/salón de actos/ximnasio.

2. HORARIO XERAL DO IES A SANGRIÑA

2.1. Horario lectivo

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:00-08:20					
08:20-09:10					
09:10-10:00					
10:00-10:15					
10:15-11:05					
11:05-11:55					
11:55-12:20					
12:20-13:10					
13:10-14:00					
16:00-16:50					
16:50-17:40					
17:40-18:30					
18:45-19:00					
19:00-19:45					
19:45-20:30					
20:30-20:40					
20:40-21.25					

ESO/BACH
CICLOS FORMATIVOS /FPB
ESA

2.2. Horas e condicións para uso das instalacións.

As normas de uso das instalacións para o alumnado dentro do horario lectivo máis arriba indicado están recollidas nas NOF do centro e quedarán suxeitas ás necesidades lectivas e aos criterios organizativos dispostos por cada un dos profesores/as. Nesta liña o centro dispón de quendas de uso de dotacións como o Salón de Actos, e as Aulas TIC con equipamento informático integral, #26, # 35, # 36 e # 47. O profesorado que necesite ditos espazos para sesións lectivas ou de calquera outra índole, deberá de solicitar o seu uso a través do formulario disposto ao efecto no Espazo do Profesorado da Aula Moodle do IES A Sangriña. Fóra do horario lectivo as instalacións do centro quedan en dispoñibilidade de uso por parte da comunidade escolar ou de calquera colectivo debidamente acreditado que así o solicite. Tanto para os membros da comunidade escolar como para outros colectivos o procedemento de solicitude é o mesmo. Elevarase, vía Dirección, unha solicitude cumprimentada debidamente nun formulario existente ao efecto onde se faga constar o obxectivo da solicitude do uso das instalacións do centro, os días e o horario previsto para o uso solicitado, e a declaración responsable dunha persoa física identificable ao nome da cal solicítase a cesión. Dita solicitude formulada levarase ao pleno do Consello Escolar quen, en última instancia, decide sobre a súa concesión. O horario no cal estarán dispoñibles as instalacións será:

De luns a venres de 16:00 a 21:00 horas
--

2.3. Horario de verán.

Durante o período non lectivo dos meses de xullo e agosto, o horario será como segue:

Xullo	De luns a venres de 08:30 a 15: 00 horas
Agosto	De luns a venres de 10:30 a 12:30 horas

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE)

3.1. Rutas e Itinerarios.

	Ruta 1	Ruta 2	Ruta 3	Ruta 4	Ruta 5	Ruta 6
	Sanxián- IES	Casás- IES	Palomar-IES	C/Puerto Rico-IES	Casás- IES	C/Puerto Rico-IES
	IES A Sangriña	IES A Sangriña	IES A Sangriña	IES A Sangriña	IES A Sangriña	IES A Sangriña

	Portecelo	Porto	Cruce camping	San Roque	San Roque	San Queitano
	Sanxián	C/ Puerto Rico 12	A Pasaxe	A Gándara	Castro (Praza)	Palomar
		Casás	Camposancos (Transformador)	Proba	Sete Camiños	C/Puerto Rico 12
			Camposancos (Casino)	Castro (Fonte)	Casás	
			Camposancos (Muiños)	Castro (Praza)		
			Marco da Picota	Sete Camiños		
			Fontequente	C/ Puerto Rico 12		
			San Queitano			
			Palomar			

CAPITULO II

1. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A. OBXECTIVOS.

- Implicar a todas as persoas relacionadas co Instituto (alumnado, familias, profesorado, persoal de administración e servizos) no deseño e desenvolvemento dunhas actividades feitas para toda a comunidade, dándolle especial relevancia ao proceso de colaboración como feito enriquecedor en si mesmo.
- Poñer de relevo a importancia do Instituto como xerador e foco de cultura na vila e na comarca., coñecendo e valorando os seus logros históricos e a importancia do momento presente.
- Promover a relación co Concello, coas empresas, entidades, asociacións culturais... da bisbarra establecendo vías de colaboración para o enriquecemento mutuo.

- Conseguir incidencia e impacto social, implicando a diferentes persoas e institucións e ofrecéndolles protagonismo e valoración positiva aos involucrados.
- Dar a coñecer e dignificar a importancia cultural da bisbarra a través da aproximación aos principios axentes de creación da zona: oficios, artistas, empresas, etc.

B. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares promovidas polos distintos departamentos didácticos para este curso son as que a se achegan serán organizadas polos distintos departamentos e coordinadas a través dunha sesión de CCP específica para elo.

C. ACTIVIDADES DA BIBLIOTREGA MAGDALENA GARABATOS.

Consultar aquí *Programación da Bibliotrega IES A Sangriña 2023-24*



D. ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Actividades programadas polo Equipo para a Dinamización e a Normalización da Lingua Galega no IES A Sagriña para o curso 23-24 (**en elaboración**)

E. ACTIVIDADES CONTRATOS-PROGRAMA.

O IES A Sangriña participa nas dúas grandes liñas dos contratos-programa 23-24 que son: CPInnova e CPIInclúe. Na primeira das liñas se desenvolverán actividades relacionadas coa Educación para a Saúde. Con respecto á liña CPIInclúe, o centro solicitou a súa participación nos ámbitos de Igualdade (Iguála-t) e Convivencia (Convive). Para a organización das actividades relacionadas cos devanditos ámbitos o centro contará con catro coordinacións dirixidas por profesores/as e que son, a saber:

- **Coordinación de Igualdade** do IES A Sangriña que dirixirá as actividades planificadas no ámbito *Iguála-t*. Seguiremos coas

actuacións xa iniciadas en cursos anteriores, implementando novos proxectos sobre todo tendo en conta as propostas do alumnado: preparación e celebración das datas sinaladas para favorecer a reflexión e o cambio de paradigma neste ámbito, fomento da incorporación e visibilización das referencias femininas como referente dentro da práctica docente por parte de todo o profesorado, incidencia, na medida do posible, nas familias para superar estereotipos presentes na sociedade relativos á homofobia ou a LGTBfobia. Potenciar a empoderamento da muller en todos os eidos da actividade da comunidade educativa do IES A Sangriña

- **Coordinación para *Convive*** que descansará nunha representación da **Comisión de Convivencia do Consello Escolar do IES A Sangriña** (na cal están representados pais/nais, profesores/as e alumnado) A nova liña aberta este curso nos contratos-programa impulsa a asunción de medidas no centro que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa previndo actitudes violentas ou discriminatorias promovendo, asemade, a mediación nos conflitos e a súa adecuada xestión.
- **Coordinación para CPInova, *Educación para a Saúde***, que recaerá en profesorado **do departamento de Bioloxía**. A vida físicamente activa e a alimentación radicalmente sana teñen que ser piares cos que aditar a educación dos adolescentes e, por extensión, de todos os membros que conforman a comunidade do centro.

F. ACTIVIDADES DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES INTERNACIONAIS.

Un ano máis o IES A Sangriña coordinará unha serie de proxectos e programas centrados no traballo colaborativo a escala internacional entendido éste como medio ideal para fomentar no noso alumnado unha visión cosmopolita superadora da marxinación que o noso espazo xeográfico periférico impón tanto a estudantes como a docentes.

Xa case se cumpren vinte anos nos que o IES A Sangriña ven permitindo abrir unha ampla xanela ao mundo a través da cal os beneficiarios destas accións (os nosos estudantes e docentes) poden sentirse partícipes activos nesa realidade, moito máis concreta e tanxible que as circunstancias ás veces parecen impor, que é Europa.

O Grupo de Dinamización de Actividades Internacionais do IES A Sangriña pretende desenvolver este curso a súa programación atendendo a ditos obxectivos e a través da realización dunha serie de intercambios e de programas integrados no novo sistema de asociacións estratéxicas e de mobilidade de estudantes e docentes que é Erasmus + .

Centraremos as nosas accións en tres tipos de actividades:

1. Proxectos KA1 integrados no sistema Erasmus + os cales implican:
 - Realización de prácticas FCT no estranxeiro para alumnado de Ciclos
 - Realización de prácticas de job-shadowing no estranxeiro para profesorado do IES A Sangriña.
2. Actividades entre centros e asociacións locais.

F.1. Proxectos integrados en Erasmus +.

- **Key Action 121.** Unha vez máis o noso centro desenvolverá mobilidades de estudantes de FP Grado Medio a través desta modalidade de Erasmus+, habilitando con este procedemento unha aprendizaxe no exterior de enorme valor nas súas especialidades e para o seu curriculum persoal:
- **Intercambios de estudantes con centros de ensino no exterior.** Estes son, nesta liña, os proxectos para o presente curso: 1) mobilidade co centro danés Langkaer Gymnasium de Aarhus, e 2) mobilidade co IM Francesco Angeloni de Terni (ITA).

F.2. Actividades entre centros escolares e asociacións locais.

Este curso, contamos coa participación e implicación de todos nosos socios locais para seguir realizando conxuntamente actividades de carácter local.

Estes son:

- CEIP A Sangriña
- A Asociación Avelaíña para a Axuda a Persoas con Enfermidades Mentais
- A Asociación *San Xerome Emiliani*

Realizaranse ao longo do curso diversos talleres e actividades extraescolares e complementarias.

G. ACTIVIDADES CON OUTRAS ENTIDADES.

Actividades en colaboración con outras entidades que axudan no educar do noso alumnado :

1) Os expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado xunto *coa Consellería de Educación son os responsables da execución do PLAN DIRECTOR.*

Os **obxectivos** que se pretenden acadar coas actuacións recollidas no Plan Director, son todos aqueles que procuran dar respostas coordinadas e eficaces a todas as cuestións relacionadas coa seguridade dos alumnos nos centros educativos e os seus arredores, os que fortalecen a cooperación policial coas autoridades educativas, os que pretenden mellorar o coñecemento que a poboación escolar posúe sobre os recursos policiais ou os que fomentan nos rapaces o respecto polos dereitos fundamentais.

Nesta liña, realizaremos as seguintes actividades para o alumnado de ESO e 1º de Bacharelato

- Acoso escolar nas súas diferentes formas.
- Riscos asociados á utilización da Internet e as novas tecnoloxías.
- Violencia sobre a muller, discriminación por razón de sexo u orientación sexual, comportamentos racistas e xenófobos.
- Seguridade Viaria.

2) Actividades organizadas pola Coordinación de Igualdade do IES A Sangriña en colaboración co **Centro de Información á Muller (CIM)** do Concello de A Guarda.

3) Obradoiros de comportamento ante situacións de emerxencia e en manobras de evacuación realizados polo **Grupo de Emerxencia Supramunicipal (GES) de A Guarda** e complemento ao Plan de Autoprotección do IES A Sangriña. Efectuarase ao longo do curso un simulacro de emerxencia e evacuación do centro supervisado polo persoal do GES.

H. EDUCACIÓN EN VALORES.

Organización de semanas temáticas afondando sobre a educación en valores segundo as datas recomendadas no calendario escolar (**Orde do 3 de maio de 2023**):

-20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia. – 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. – Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía

de Galicia. – 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. – 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. – 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación. – 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da Non Violencia e da Paz. 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro. – 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller. – 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. – Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. – 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas. – 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde. – Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro. – 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Bullying. – 9 de maio de 2024: Día de Europa. – Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas. – 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014 do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

I. ACTIVIDADES DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS CURSO 23-24

Consultar a planificación de actividades complementarias e extraescolares IES A Sangriña 23-24 aquí:



2. A BIBLIOTECA DO CENTRO: *BIBLIOTREGA MAGDALENA GARABATOS* (BMG)

EQUIPO DA BMG 2023-24

COORDINADORAS: M^a JOSÉ CARNEIRO FREIRE (Dpto. GREGO); BEATRIZ NÚÑEZ MARTÍNEZ (Dpto.EPV)

5 profesoras/es para a realización de **tarefas de empréstitos, catalogación e dinamización:**

- Luis Núñez Arias, Departamento de Matemáticas
- David Andrade Vázquez, Departamento de Tecnoloxía e Coord TIC
- Gabino Cuntín Gómez, Departamento de Bioloxía
- Beatriz Núñez Martínez, Departamento de Plástica e Co-coordinación.
- María José Carneiro Freire, Departamento de Grego e Coordinación.

O total de horas de traballo na BMG dos 5 profesores anteriormente referidos é de 12.

8 profesores/as para a realización das **gardas de recreo e atención á sala de lectura:**

- M^a José Saborido Ferro, Departamento de Inglés.
- Begoña Fernández Sobrino, Pedagogía Terapéutica.
- Loreto Moreiras Fontenla, Departamento de Inglés.
- Juan Ramón Torres Jiménez, Departamento de Lingua e Literatura castelá.
- Laura Martínez Fernández, Departamento de Matemáticas.
- Vivian Kitt Tejerina, Departamento de Inglés.
- Núria Vázquez García, Departamento de Música.
- Estela Suárez Recousó, Departamento de Galego.

Este profesorado realizará as **10 gardas de recreo** da sala de lectura.

A BMG, espazo lectivo diferente e alternativo

1. *Sistema propio de rexistro e control de préstamos* a través da Aula Moodle.
2. *Bibliotrega MG baixo demanda.* Baixo este concepto se oferta o espazo da BMG, os seus fondos e o seu equipamento de xeito que podan ser solicitados polo profesorado para organizar sesións lectivas ao fin de que se mobilicen todos os recursos do espazo bibliotecario

para crear dinámicas lectivas diferentes ás que se podan establecer nas aulas comúns. Este radical novo xeito de entender o uso da BMG do centro ven avalado por unha decidida aposta orzamentaria por parte do centro que se concretou na renovación do mobiliario da biblioteca incorporando mesas móbiles de agrupamento modular xunto coa renovación do equipamento informático con ordenadores portátiles de consulta.

3. Espazo de novas propostas. A BMG ofrece os seus fondos e espazos para iniciativas didácticas dos distintos departamentos do centro. A biblioteca escolar, aparte dun lugar de catalogación bibliográfica e de servizo derivado da mesma, é un lugar onde as diferentes dinámicas didácticas dos departamentos do centro poden e deben ter cabida.
4. A BMG punto de encontro de de reflexión. De iniciativas culturais (encontros con autores/as), de iniciativas solidarias (proxectos solidarios apoiados e difundidos pola BMG), de actividades en prol da Igualdade (fondos bibliográficos LXTBIQ+, obradoiros, conferencias), en definitiva, calquera actuación que faga do centro un lugar onde teñan cabida iniciativas que melloren a convivencia escolar e formen a cidadáns responsables, informados, libres e críticos/as.
5. Programación BMG curso 2023-24 a través deste código QR



3. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO (FCT)

Empresas colaboradoras co IES A Sangriña para a realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) 23-24, consultar aquí:



Esta Programación Xeral Anual do curso 2023-24 é presentada ante o Claustro e o Consello Escolar do IES A Sangriña en,

A Guarda. Novembro de 2023.

O DIRECTOR.

Asdo. Carlos Alonso Rey